



Manual para o alumno

Unidades Didácticas Dixitais

Proxecto Educación Dixital E-DIXGAL





Índice

1. Que son as Unidades Didácticas Dixitais?	2
2. Como son as Unidades?	2
3. Que hai nas Unidades?	6



1. Que son as Unidades Didácticas Dixitais?

As Unidades Didácticas Dixitais son os temas de cada unha das materias que terás neste curso. Poderás traballar coas Unidades desde o Entorno Virtual de Aprendizaxe (que nós o chamamos familiarmente EVA).

Na seguinte táboa, indicamosche que materias estarán no EVA, cantas unidades ten e en que idiomas as poderás ler:

Materia	Nº de Unidades Didácticas Dixitais (temas)	Idiomas dispoñibles
Matemáticas	12	Español
Lingua Galega e Literatura	12	Galego
Lingua Castelá e Literatura	12	Español
Ciencias da Natureza	12	Galego
Ciencias Sociais	9	Galego
Lingua Estranxeira: Inglés	6	Inglés
Lingua Estranxeira: Francés	6	Francés
Valores Sociais e Cívicos	6	Galego
Educación Física	6	Español
Relixión	9	Español
Educación Artística	6	Español

2. Como son as Unidades?

Todas as unidades teñen unha estrutura común:

- **Páxina de portada**, na que se fai unha pequena introdución e desde onde verás o índice da unidade.

The screenshot shows a digital unit page for 'Lingua galega e Literatura'. The page is titled '1. Canto me alegro de verte!' and features a cartoon illustration of a girl with red hair sitting on the grass reading a book. The page is divided into several sections:

- Identificación da materia e o tema:** Located at the top, showing the unit number '5' and the title '1. Canto me alegro de verte!'.
- Preguntas de reflexión inicial:** A list of questions for reflection, such as 'Cando chegas a un lugar, que é o primeiro que tes cando te atopas cunha persoa?' and 'De onde es? Como te chamas?'.
- Introdución ao tema:** A short text introduction about a trip to Lugo and the book 'Canto me alegro de verte!' by Agustín Fernández Paz.
- Menú:** A table of contents with numbered items: 1. Lectura, 2. Vocabulario, 3. Literatura, 4. Gramática, 5. Ortografía, 6. Expresión oral e escrita, 7. Ao peche.
- Imaxe de Portada:** The cartoon illustration of the girl reading.
- Índice de apartados:** The table of contents menu.
- Pé:** The footer of the page.



Como podes ver na imaxe, a páxina de portada ten unha cabeceira que che indica o curso, o nome da materia e o título da Unidade. Desde esta cabeceira, tamén poderás escoller o idioma da unidade nas materias que están dispoñibles en galego e castelán.

5 PRIMARIA Ciencias de la naturaleza
1. Los seres vivos Español | Galego

- **Apartados de contidos.** O espazo onde está toda a información da unidade didáctica.

Menú sinxelo de apartados

Contidos do apartado

Identificación da materia e o tema

Recursos apoio

Navegación interna

Pé

Navegar polas unidades didácticas resultarache moi sinxelo, xa que se parece a navegar por unha páxina web.



As funcións vitais dos seres vivos

Tódolos seres vivos, sen excepción, realizan funcións que lles permiten vivir e adaptarse ao medio. Estas funcións denomínanse **funcións vitais**.

As funcións vitais son tres:

Función de nutrición

A función de nutrición consiste en tomar os alimentos e as substancias necesarias para que o organismo se manteña con vida. Para realizar a función de nutrición os seres vivos toman do medio as substancias nutritivas e a enerxía que precisan e expulsan ao medio as substancias de refugallo que fabrican.

Por exemplo, os mamíferos obteñen nutrientes e enerxía dos alimentos e da auga que toman, e expulsan as substancias de refugallo nas feces e nos ouriños.



Ao chegar ao final de cada apartado, verás os botóns de navegación para avanzar ao seguinte apartado ou retroceder ao anterior.



Ademais, sempre terás en pantalla un mini-menú de navegación co número de todos os apartados da unidade. Deste xeito, poderás entrar en calquera deles rapidamente.

A través deste menú simplificado, tamén poderás regresar á páxina de portada (a icona con forma de casa). Premendo sobre o botón “Menú”, poderás despregar o menú completo para lembrar o título exacto de cada apartado.



- **Columna de recursos de apoio.** Todas as unidades teñen esta columna. Nela, atoparás información complementaria que seguro que che servirá de axuda. Sempre permanece visible, polo que podes acceder a estes recursos en calquera momento e desde calquera apartado.

Recursos da unidade

Galería de imaxes
Ilustracións, fotografías...

Glosario
Palabras clave da unidade


Recursos de apoio

Ligazóns
Noticias, vídeos...



ímosche explicar o que te atoparás nesta columna:


- **Glosario interactivo.** Aquí descubrirás o significado de moitas palabras novas.




Tamén podes entrar ao glosario desde o propio contido da unidade, premendo nas palabras coloreadas en azul.

- Os órganos agrúpanse para formar **aparatos ou sistemas**. Nestas agrupacións os órganos coordinanse para realizar funcións máis complexas. Por exemplo, os músculos forman parte do **aparato locomotor**.

- **Galería de imaxes e multimedia.** Aquí estarán reunidas moitas das imaxes ou vídeos que viches ao longo da unidade. Axudarante a repasar.



- **Ligazóns web,** que conteñen enlaces a Internet relacionados cos contidos da unidade.






3. Que hai nas Unidades?

Nas unidades do EVA vaste atopar moitas cosas:

- **Textos**, con información moi interesante que poderás ler e aprender.
- **Imaxes**. Porque unha imaxe vale máis que mil palabras, nas unidades puxemos moitas fotos e debuxos que seguro que che van gustar.
- **Actividades de aula**. Son actividades que realizarás na clase. Nalgunhas terás que traballar cos teus compañeir@s, noutras atoparás xogos, adiviñas ou retos. Atrévete con elas?
- **Ligazóns externas**. As unidades inclúen enlaces a Internet, como páxinas web moi interesantes.

Lembra que para poder acceder a estes contidos que están na Internet, deberás estar conectado á Rede. **Se non estás conectado, non os poderás ver!**

- Nalgunhas unidades tamén te atoparás con **audios e vídeos**. Poderás escoitar e ver historias moi interesantes, ou aprender a pronunciar unha palabra noutro idioma; ata poderás oír como soa un instrumento musical!
- Cada unidade tamén ten **actividades interactivas**, para que te poñas a proba e demostres o que tes aprendido. Hai moitas e de diversos tipos!



Todas as actividades interactivas teñen un botón para que comprobes se acertaches. Nas actividades de "Avalíate" dispós de tres intentos para obter a resposta correcta



Estás preparad@?